

## ACTA CONCURSO FOTOGRAFÍA 'IMAXES CON FONDO II'

**DATA:** 03/12/2014

**LUGAR:** oficinas da FEGAMP, Santiago de Compostela

**HORA:** 10:30h

### ASISTENTES:

- María Jesús González Roel, Vogal da Comisión Executiva do Fondo Galego
- Esther López, Vogal da Comisión Executiva do Fondo Galego
- Helena Capera, representante da Coordinadora Galega de ONGD
- Rober Amado, fotoxornalista
- Marcos Míguez, fotoxornalista
- Andrea Manuela García, técnica do Fondo Galego.

### ORDE DO DÍA

#### 1. DELIBERACIÓN DO CONCURSO FOTOGRAFICO IMAXES CON FONDO

O día 3 de decembro reuníanse nas oficinas da FEGAMP, en Santiago de Compostela, as e os compoñentes do xurado do concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo II' para deliberar sobre as tres persoas gañadoras en ambas categorías. O xurado estivo composto por:

- María Jesús González Roel, Vogal da Comisión Executiva do Fondo Galego
- Esther López, Vogal da Comisión Executiva do Fondo Galego
- Helena Capera, representante da Coordinadora Galega de ONGD
- Rober Amado, fotoxornalista
- Marcos Míguez, fotoxornalista

O concurso, que permaneceu aberto dende o 24 de abril ata o pasado 15 de novembro de 2014, obtivo un total de 58 participantes, 14 na categoría xuvenil e 44 na de adultas/os, 11 máis que na primeira edición do concurso. Incremento especialmente relevante na categoría xuvenil, que duplica o número de participantes ao respecto do 2012.

Para a elección das fotografías finalistas seguíronse os seguintes pasos:

- A técnica do Fondo Galego fixo un repaso sobre as características do concurso e as temáticas que debían atinxir as/os participantes de cada categoría.
- As 15 fotografías máis votadas de cada categoría a través da aplicación do Facebook foron as obras sobre as que o xurado seleccionou as finalistas, tal e como aparece recollido nas bases do concurso
- As fotografías foron revisadas a través dun proxector por todas as persoas integrantes do xurado. A secretaria técnica foi apuntando o título e o chío para cada unha delas.

- Entregóuselle ao xurado as obras impresas en papel fotográfico para o debate e deliberación. As fotografías foron colocadas sobre unha mesa.
- O xurado procedeu primeiro a descartar aquelas obras que non quedarían entre as finalistas, para logo establecer un sistema de votación de 3, 2 e 1 punto sobre as mellor valoradas sobre a propia calidade da fotografía e mensaxe que as acompaña.

Acordado isto, as **OBRAS FINALISTAS** son:

- **CATEGORÍA XUVENIL**

**3ª finalista:**

María Rodríguez Vila (Oleiros), coa obra 'A chuvia sobre o paraugas'. Chío: Calquera pequeno xesto pode ser unha axuda. Compartir é vivir.




**2ª finalista:**

Laura Díaz Martínez (Ferrol), coa obra 'Fondo Mariño'. Chío: Toneladas de lixo son tiradas ao mar en todo o planeta, isto supón cambios negativos para as especies que viven nel.



**1ª finalista:**

María Goretti Dorgambide González (Vilagarcía de Arousa), coa obra 'Non te agoches, somos iguais'. Chío: Baixo unha coiraza de illamento afóganse berros de axuda.



**- CATEGORÍA ADULTAS/OS**

**3ª finalista:**

Borja Blanco Cinza (Ferrol), coa obra 'Que prezo ten o colleiteiro?'. Chío: Reflexa algo positivo da globalización: libre mercado. Pero esconde un mercado no que o colleiteiro cobra unha mínima parte do prezo final.



**2ª finalista:**

Manuel Costa Parcerro (Moaña), coa obra 'Comida rexeitada'. Chío: 'Morriña dos tempos de comida de abondo no campo. Agora sempre na rúa, busca que busca, polo menos son un pombo e non ando a remexer no lixo.'



**1ª finalista:**

Felipe Carnotto Díaz (Vigo), coa obra 'Pesca sostible'. Chío: A pesca artesanal permite un equilibrio no ecosistema mariño. Fomenta a economía local e supón arredor do 80% da flota galega.



O xurado valorou moi positivamente as obras presentadas á categoría xuvenil pola capacidade imaxinativa das/os concursantes, de construír e de sintetizar.

Así mesmo, tivo especial relevancia na selección das obras finalistas a claridade e rotundidade dos chíos que acompañan a cada unha das fotografías.

O xurado tamén suxeriu unha serie de melloras para incorporar na vindeira edición do concurso.

En Baiona a 4 de decembro de 2014.